

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010812	IES Virxe do Mar	Noia	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

Para facilitar a concreción curricular desta materia establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiren as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados.

No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se

busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

O proxecto competencial de primeiro será un proxecto para formar usuarios informadores da biblioteca, que podan dinamizar a mesma e axudar ao resto do alumnado do centro para sacar o máximo partido dela. A radio escolar será o medio informativo empregado, creando podcas con información sobre autores, novidades, conmemoracións. Trátase de que a biblioteca sexa un espazo vivo, colaborativo e que o alumnado de proxecto sexa o seu dinamizador.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	1
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñezo a biblioteca	Coñecer a biblioteca: catalogación, colocación, búsqueda, material. Programa Coha Plataforma E- Elbe2	30	10	X		
2	Presentamos a biblioteca	Deseñar o plan para dar a coñecer ao alumnado do centro a biblioteca; fonds, búsqueda na intranet, colocación, materiais, recomendación... Busqueda e ELBE-2 Elaboración de enquisas de opinión para poder mellorar a biblioteca Deseño de actividades alternativas para poder facer na biblioteca: concertos, lecturas, conmemoracións	30	12		X	
3	Publicitamos a Biblioteca	Publicitar a traves da radio escolar a biblioteca e distintas actividades qu se poden levar a cabo: recomendacións literaris, novidades, concursos...	40	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñezo a biblioteca	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identifica e determina os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar selecciona e analiza a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizara secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Preve as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Presentamos a biblioteca	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicaros coñecementos axeitados e mobiliza as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve , dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Publicitamos a Biblioteca	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O traballo desenvolverase principalmente na biblioteca durante o primeiro e o segundo trimestre, Traballaran en grupos de máis ou menos membros dependendo do tipo de actividade. Expoñerán e prúblico, avaliarán e autoavaliarán o seu traballo.

Este curso o centro participa no proxecto dos polos creativos e para o terceiro trimestre agardamos ter xa instalada a radio escolar. O centro prevé unha aula para instalar a dotación asociada a este proxecto, e traballaremos alí.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores edixgal
Caderno de traballo
Materiais para traballos plásticos como cartéis, pancartas...
Emisora de radio escolar

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proxecto competencial é una materia de só unha hora semanal. É difícil facer unha avaliación inicial nas primeiras catro ou 5 semanas. Por suposto, a través das pequenas redaccións, intervencións orais, búsquedas informáticas poderanse avaliar as competencias e a autonomía do alumnado, e por suposto detectar dificultades significativas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de cualificación destacaremos:

- Ficha de catalogación dun libro
- Ficha de sinatura topográfica
- Atividade plano biblioteca
- presentación biblioteca
- Elaboración de carteis con canva
- Recomendación lectoras
- Planificación espazos
- Presentación de xogos na biblio
- Presentación da discoteca e filmoteca da biblio
- Elaboración de podcast
- Montaxe dunha radio escolar
- Elaboración e corrección de enquisas

A cualificación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

O alumnado terá que presentar os traballos non realizados ou refacelos correctamente . No caso de que algún alumno ou alumna nin siquera así superase a materia, fara unha proba escrita que consistirá en preguntas sobre as actividades realizadas. Terá que superar a proba cunha nota de 5 ou máis

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que non superase a materia realizará traballos de recuperación que consistirán en actividades como fichas presentacións etc, sobre las que versa la materia

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

En calquera caso a metodoloxía grupal desta materia favorecerá que o alumnado con dificultades se vexa apoiado ou fortalecido

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Coprensión da lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita a outras bibliotecas	Visita á biblioteca municipal e a biblioteca do Gaias
Visita a unha emisora de radio	Visita a unha emisora de radio a determinar
Calquera outra actividade que poda xurdir relacionada coa comunicación audiovisual	Sempre que o concello ou calquera outra institución propoña unha actividade que poda ser do interese

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

Tomarase nota daqueles aspectos susceptibles de seren mellorados, que se incorporarán á memoria final e se reformularán na PD do seguinte curso.

9. Outros apartados